

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 5 DE OUTUBRO DE 2017

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:05 horas do día 5 de outubro de 2017, réunese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 3 de outubro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D^a. M^a Jesús Lago Rey

Vocais: D^a. Susana García Álvarez
D. Alberto Escariz Couso (asiste ao punto 1b)
D^a. Olga Gómez Corbal
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela
D. José Ángel Otero Lamas (asiste aos puntos 2a, 2b, 3a, 3b, 8a, 8d, 9a, 9d, 10a e 15a)
D. Antonio Vivero Mijares e D. Manuel Monroy Castro (asisten aos puntos 8c e 9c)
D. José Ángel Lago Filgueira (asiste aos puntos 8b, 9b e 10b)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas

a) Acta da sesión do 28 de setembro de 2017

Apróbase a acta da sesión do 28 de setembro de 2017 co votos de D. David Regades Fernández, D^a. Susana García Álvarez, D^a. Olga Gómez Corbal e D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

b) Acta da sesión do 2 de outubro de 2017

Apróbase a acta da sesión do 2 de outubro de 2017 co votos de D^a. M^a Jesús Lago Rey, D^a. Susana García Álvarez, D. Alberto Escariz Couso e D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

2.- Apertura administrativa

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de acondicionamento e mellora do contorno da Escola de Música de Beade (4.740-440)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación ábrese o sobre A "Documentación persoal". Tras a súa cualificación, a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 18:31	Páxina 1 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A948-55E287-3B3BBE-YTEQ8K-FEAWN2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:
1. ORECO, S.A.
 2. CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.U.
 3. COPCISA, S.A.
 4. CONSTRUCCIONES ÁNGEL JOVE, S.A.U.
 5. PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.
 6. CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.
 7. PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de mellora da pavimentación da rúa García Olloqui e praza de Compostela (4.829-440)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación ábrese o sobre A “*Documentación persoal*”. Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:
1. CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A.
 2. CIVIS GLOBAL, S.L.
 3. C. D. INDEPO, S.L.
 4. HIDROMIÑO, S.L.
 5. AVAN INTEGRAL, S.L.
 6. ORESA, S.L.
 7. ACCIONA INFRAESTRUCTURAS, S.A.
 8. UTE DRAGADOS, S.A. E EXCAVACIONES Y TRANSPORTES BC, S.L. (porcentaxe de participación na UTE 85%-15%)
 9. XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.
 10. ORECO, S.A.
 11. CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.U.
 12. CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.
 13. PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.
 14. CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.
 15. NAROM, S.L.

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de acondicionamento e mellora do contorno da Escola de Música de Beade (4.740-440)

En acto público ábrese o sobre B “*Proposición avaliable mediante xuízo de valor*” dos licitadores presentados e admitidos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 18:31	Páxina 2 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A948-55E287-3B3BBE-YTEQ8K-FEAWN2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de mellora da pavimentación da rúa García Olloqui e praza de Compostela (4.829-440)

En acto público ábrese o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” dos licitadores presentados e admitidos.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de mesturas bituminosas e emulsións asfálticas para o taller de vías e obras (79.713-250) (informe sobre C e proposta clasificación)

Entrégase o informe asinado polo xefe da Área de Investimentos e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario do 29 de setembro de 2017 de valoración do sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” coa proposta de clasificación.

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de gasóleo tipo C para as instalacións de calefacción e produción de auga quente sanitaria (AQS) de diversas instalacións deportivas dependentes da concellería de deportes (1.145-611) (informe sobre C e proposta clasificación)

Entrégase o informe asinado polo director técnico do Servizo de Deportes do 2 de outubro de 2017 de valoración do sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” coa proposta de clasificación.

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de sinalización horizontal e vertical do Concello de Vigo (98.714-210) (informe sobre B)

Entrégase o informe asinado polo técnico industrial e o xefe do Servizo de Seguridade e Mobilidade o 29 de setembro de 2017 de valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor”.

No citado informe faise constar en relación coa oferta de SEROVIAL, S.L.: “De conformidade co disposto na cláusula 13a5 B do PCAP, se advirte á Mesa que a oferta técnica da mercantil SEROVIAL infrinxe o prazo de garantía de 18 meses que para a “pintura termoplástica en quente en superficies de pavimentos bituminosos ou asfálticos” establece taxativamente o prego de prescricións técnicas (art. 3.2.2), en canto dito prazo de garantía límitase na oferta considerada a 12 meses (folio 43)”.

d) Procedemento aberto para a contratación do subministro dun equipo de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 18:31	Páxina 3 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A948-55E287-3B3BBE-YTEQ8K-FEAWN2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

topografía para desenvolver os traballos topográficos necesarios na Área de Fomento (4.706-440) (informe sobre B)

Entrégase o informe asinado polo técnico medio en Topografía e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario do 3 de outubro de 2017 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*”.

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adjudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de mesturas bituminosas e emulsións asfálticas para o taller de vías e obras (79.713-250)**

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe da Área de Investimentos e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario do 29 de setembro de 2017 de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” coa proposta de clasificación.

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de gasóleo tipo C para as instalacións de calefacción e produción de auga quente sanitaria (AQS) de diversas instalacións deportivas dependentes da concellería de deportes (1.145-611)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo director técnico do Servizo de Deportes do 2 de outubro de 2017 de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” coa proposta de clasificación.

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de sinalización horizontal e vertical do Concello de Vigo (98.714-210)

A Mesa, por unanimidade, acepta o informe asinado polo técnico industrial e o xefe do Servizo de Seguridade e Mobilidade o 29 de setembro de 2017 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*” e acorda excluír deste procedemento a SEROVIAL, S.L. por non axustarse ao disposto no prego de prescricións técnicas particulares (cláusula 13.5B do prego de cláusulas administrativas particulares).

d) Procedemento aberto para a contratación do subministro dun equipo de topografía para desenvolver os traballos topográficos necesarios na Área de Fomento (4.706-440)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo técnico medio en Topografía e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario do 3 de outubro de 2017 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*”.

10.- Propostas de clasificación**a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de mesturas bituminosas e emulsións asfálticas para o taller de vías e obras**

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 18:31	Páxina 4 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A948-55E287-3B3BBE-YTEQ8K-FEAWN2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

(79.713-250)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de mesturas bituminosas e emulsións asfálticas para o taller de vías e obras (79.713-250) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	NEXIA INFRAESTRUCTURAS S.L.U.	98,10
2	NAROM, S.L.	90,83
3	CONSTRUCCIONS, OBRAS E VIAIS, S.A.	90,19
4	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	81,79
5	ASFALGAL TECNICAS VIARIAS S.L.	13,63

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, NEXIA INFRAESTRUCTURAS S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 1.795,17 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de gasóleo tipo C para as instalacións de calefacción e produción de auga quente sanitaria (AQS) de diversas instalacións deportivas dependentes da concellería de deportes (1.145-611)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de gasóleo tipo C para as instalacións de calefacción e produción de auga quente sanitaria (AQS) de diversas instalacións deportivas dependentes da concellería de deportes (1.145-611) na seguinte orde descendente:



	LICITADORES	DESCONTO DE REFERENCIA PARA O GASÓLEO "C".	TOTAL
1	GASÓLEOS AMIGO, S.L.	30%	100
2	COMPANÍA ESPAÑOLA DE PETRÓLEOS, S.A.U. (CEPSA)	1,2%	4

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, GASÓLEOS AMIGO, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.836,16 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

15.- Incidencias

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro dun equipo de topografía para desenvolver os traballos topográficos necesarios na Área de Fomento (4.706-440) (Incidencias na documentación presentada por GLOBAL GEOSYSTEMS, S.L. e LÓGICA EQUIPAMIENTOS INTEGRALES, S.L.)

Entrégase o informe asinado polo técnico medio en Topografía e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario o 2 de outubro de 2017 sobre incidencias na documentación presentada por GLOBAL GEOSYSTEMS, S.L. e LÓGICA EQUIPAMIENTOS INTEGRALES, S.L. no que se indica *“A vista das citadas circunstancias, enténdese que as ofertas presentadas polas mercantís GLOBAL GEOSYSTEMS, S.L. e LOGICA EQUIPAMIENTOS INTEGRALES, S.L., incorporan nas memorias presentadas no sobre “B”, documentación acreditativa do criterio avaliable mediante fórmula **“Incremento do número de horas de formación do persoal municipal e asistencia técnica ao mesmo para a posta en funcionamento dos equipos”, o cal se informa aos efectos oportunos**”*.

En base ao anterior, a Mesa acorda, por unanimidade, aceptar o anterior informe e excluír deste procedemento a GLOBAL GEOSYSTEMS, S.L. e LÓGICA EQUIPAMIENTOS INTEGRALES, S.L. polo motivo previsto na cláusula 13.5B do prego de cláusulas administrativas particulares (*“A incorporación a este sobre dos documentos acreditativos dos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 9.B da FEC”*).

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:00 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 18:31	Páxina 6 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A948-55E287-3B3BBE-YTEQ8K-FEAWN2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



A presidenta da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/04/2024 18:31

Páxina 7 de 7

ACTAS PERFIL CONTRATANTE

CSV: A5A948-55E287-3B3BBE-YTEQ8K-FEAWN2-F1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>